

Atopar un libro "libre" na rúa

Europa Press / SANTIAGO

Santiago de Compostela iniciou onte unha experiencia de "bookcrossing", unha iniciativa internacional que pretende levar a lectura a todas as partes do mundo, coa colocación de máis de 175 libros –en bolsas, para evitar o efecto da choiva– nas súas rúas para que sexan atopados por cidadáns que os lean, os comenten e os volvan a deixar noutro lugar para posibilitar que poidan ser recollidos por outras persoas.

Esta iniciativa, promovida polo Movemento Defensa da Lingua, tamén se desenvolverá en Pontevedra, O Grove, Lugo e Ourense. Os promotores queren difundir os libros escritos en galego e aproveitar a celebración

Os títulos, en galego, portugués e brasileiro, colocáronse en distintas cidades galegas

do Día das letras galegas.

A Praza do Toural de Santiago acolleu "o acto de saída" deste "bookcrossing", coa participación de coñecidas persoas –Suso de Toro, e outros– que lerán un fragmento dun libro que lles goste e o deixarán nalgún lugar da cidade para que o atope calquera.

Ademais, se distribuíron por distintos espazos públicos da cidade galega un total de 175 libros en galego, portugués e brasileiro. Entre eles, hai obras de José Saramago ("Ensaio sobre a cegueira"), de Suzanne Vega ("Murmurios urgentes"), de Fi-

na Casalderrey ("Dúas bagoas por máquina"), de Clarice Lispector ("A hora da Estrela") e de Darío Xohán Cabana ("As aventuras de Breogán Folgueira"), entre outros.

As persoas que percorran as rúas de Santiago, os seus parques ou viaxen nun taxi ou no bus, ou entren nun comercio ou nun pub, poderán atoparse cun libro que levará unha etiqueta coas instrucións para participar no "bookcrossing".

Os libros levarán un código que deberá introducirse na web desta iniciativa internacional (www.bookcrossing.com) e lles



Máis de 175 libros foron colocados por todo Santiago. / XOAN ALVAREZ

permitirá poder facer comentarios e dicir onde pensan deixalo para que poida ser lido por outra persoa. Asemade, algúns

libros terán unha páxina en branco para que se poidan escribir comentarios e explicar esta iniciativa.